

O lobo da xente de Vicente Risco

Risco

Naceu en Ourense en 1884. Estudiu dereito por libre na universidade de Santiago, pero non chegou a exercer-la carreira.

En 1911 ingresou na Escola Superior de Maxisterio en Madrid, de onde saíra como profesor de Historia da Escola Normal de Qurense.

En 1917 fundou a revista *La Centuria* e a finais do mesmo ano, por influencia de Losada Diéguez, incorporouse ás Irmandades de Fala, o nacionalismo das cales definiu el teóricamente.

Dirixiu a revista *Nós* desde a súa fundación ata 1936, revista que deu nome á xeración que el mesmo liderou.

En 1931, participa na fundación do partido galeguista, partido que abandona pouco despois, xa cada vez máis conservador e relixioso, para fundar Dereita Galeguista. Despois de Xullo do 1936, adheriuse ó novo réxime e abandonou toda actividade literaria en galego, dedicándose á investigación etnográfica. Morreu en Ourense en 1963.

Resume do argumento

A obra de Vicente Risco titulada *O lobo da xente* está baseada nunha lenda galega do lobishome, como indica o subtítulo da narración. Esta obra publicouse no 1923, e é unha narración breve, con certos trazos de carácter etnográfico.

O narrador, no comezo da narración, explica quen llo contou: unha persoa que viviu o relatado. Tras dunha pequena introducción sobre a procedencia da lenda, comeza a historia.

Ánxel é un mozo dunha aldea. Namentras está apañando folla nun souto, achégase a el un home do lugar, que lle lembra do perigo do *lobo da xente*.

O lobo da xente ten atemorizado ó lugar, debido as desaparicións e feitos fóra do común que aconteceran no lugar, e as afirmacións de certas persoas de que viran un lobo, cada un deles describíndoo de diferente forma, pero todos coincidindo na maldade e horror da fera.

Ánxel meteuse no sequeiro ó escurecer, por medo do *lobo da xente*. Mentres quentábase na lareira, sentíu fora a presenza do *lobo da xente*, que tentaba entrar no sequeiro. Ánxel agachouse, e o entrar no sequeiro o *lobo da xente* non se decatou da súa presenza e foi soltando a pelexa ata transformarse nunha fermosa rapaza. Cunha grande arducia, Ánxel botou ó lume a pelexa e quemouna, liberando a rapaza dunha fada que lle botaran.

A rapaza conta porqué tiña esa fada: a súa nai botárala porque tiveran un problema polo home co que casou a nai tras a morte do pai. A nai botoulle a fada e non lle deixou voltar á casa. A rapaza foi á casa dunha tía dela, pero decatouse que tiña unha cousa estraña dentro do corpo, e unha veciña díxolle que sería pola fada que lle botara a nai. Foise da casa da tía, transformouse en lobo e vagou polo lugar, ata que Ánxel, queimando a pelexa, liberouna da fada.

O final o autor refire que os dous casáronse.

Tempo no que transcurre

O relato comeza na época do propio autor, que nos introduce o conto que vai narrar, para logo trasladarse ó pasado, a época na que se sitúa a lenda.

O tempo do conto, segundo o autor narra xa na primeira páxina: *...non hai tanto tempo que pasou: haberá coma cincuenta ou sesenta anos*. Tendo en conta que a obra é do ano 1923, pódese calcular que o tempo será, aproximadamente, entre os anos 1863 ou 1873, é dicir, na segunda metade do século XIX.

O autor insiste, fala numerosas veces das diferencias dese outro tempo no que se sucedeu a historia, da xente, que era ben diferente, que cría no *lobo da xente* e en tantas outras cousas, como fadas, meigas...

O conto ten o seu principio nunha tarde, cando Ánxel está no souto, e remata a narración da lenda a noite do mesmo día, aínda que termina cunha especie de epílogo dunha línea, facendo alusión ó que lles sucedeu despois ós protagonistas.

Dentro do mesmo conto, cando se nos informa do que lle sucedeu a algunha xente co *lobo da xente*, vai a un tempo aínda anterior: *Había un tempo,....*

Tamén volta atrás no tempo para que a moza que resultou ser o *lobo da xente* fale sobre a historia da súa vida: dentro deste relato da vida da moza diferenciase tamén o tempo. Primeiro fala da súa infancia, de cando foi medrando, do día ca súa nai botoulle a fada e dos tres días seguintes, para rematar o relato da súa vida no día que o relata.

Tempo físico

O autor sitúa o tempo físico: *O tempo era revoltoso e outonizo, chovía por veces e facía tan escuro, que era noite pouco despois de xantar. Ía in tempo coma de día de defuntos, e a tristura do mes das ánimas espallábase xa empardecendo o ceo por toda a banda*.

Ademais adivinamos o tempo noutros detalles: o comenzo da historia, o protagonista saíu a apañar folla; describindo os soutos di *É un silencio onde se oen caer as follas secas, como hai un mes se oían cae-los ourizos regañados...*; fala de *follas cobrizas e doradas, molladas no chan,...*; fala das castañas;...

Todos estes datos lévannos a conclusión da que o tempo no que sucede a lenda que se narra é no outono. Cando Ánxel está no souto non chove, aínda que hai pouco tempo choveu. Vai frío e ceo está cuberto

Lugar

O autor xa comenza na primeira páxina da historia presentándonos o lugar onde desenrólase a obra, onde sucedeu a lenda que nos narra: *Dixéronme onde foi, que foi preto de Trives;....* Trives, preto do lugar da acción, é unha zona considerablemente ampla, preto de Manzaneda, na provincia galega de Ourense.

O comenzo a contar o conto sitúano nun castañar, nun souto, preto do río da Cabalar. Estes lugares son terras húmidas, onde abundan os regatos: no texto fala sobre a flora das terras húmidas. O autor describe moi ben na obra a paisaxe do lugar.

Aínda aparecen outros lugares nomeados no texto. Sobrado, lugar do que é nativo Ánxel, o protagonista, é unha aldea preto das zonas de Trives e Manzaneda, moi cerquiña doutro pobo chamado Encomenda.

Tamén en *A sonda do lobo da xente collía astra Maceda por unha banda, e astra Quiroga e Valdeorras por outra, e aínda chegaba a Viana...* aparecen outros nomes de lugares: Maceda, no oeste de Manzaneda;

Valdeorras, ao este da provincia de Ourense e de Trives; Quiroga, pegadiña ao norte de Valdeorras; e Viana, Viana do Bolo, ao sur de Valdeorras.

Cando Ánxel marcha do souto a acción trasládase ó sequeiro, que é un lugar de madeira onde se pon algunha cousa para secar.

Tema

O tema da obra pode ser simplemente unha lenda popular, a lenda do lobishome, o tema das fadas.

O LOBO DA XENTE

